



Financiado pola Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de Recuperación,
Transformación
e Resiliencia



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

FERROL

Número

51

/2025

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FERROL PARA ACTUACIÓNS CONTEMPLADAS NO PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO (PSTD) CENTRO HISTÓRICO DE FERROL E PATRIMONIO MILITAR DA COSTA ÁRTABRA_ FINANCIADO CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA- FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATIONEU (PRTR)_PSTD CENTRO HISTÓRICO DE FERROL E PATRIMONIO MILITAR DA COSTA ÁRTABRA. (E1-A4.5/E3-A3.1/E3-A3.2/E3-A3.3/E4-A4.4).

En Ferrol, a 20 de xuño de 2025

Ante min, Pilar Cela Álvarez, Oficial Maior Accidental, do Concello de Ferrol, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte, Don José Manuel Rey Varela, Alcalde-Presidente do Concello de Ferrol.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de cooperación.

MANIFESTAN

Primeiro. - A Deputación provincial da Coruña presentou na convocatoria do 2023 un PSTD extraordinario supramunicipal: O Proxecto Centro Histórico de Ferrol e Patrimonio militar da Costa Ártabra que implica aos municipios de Ares, Ferrol e Valdoviño dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con cargo a fondos NextGenerationEU, cuxas bases están reguladas pola *Estrategia de sostenibilidade turística en destinos (2023)*

Segundo.- Que a citada proposta presentouse baixo a modalidade de “Proxecto en cooperación”, e polo tanto as partes formalizan as súas relacóns mediante acordos de cooperación para establecer os seus dereitos e obrigas no desenvolvemento das actuacóns:

Actuacóns de mellora do centro histórico de Ferrol: II Fase de rexeneración e mellora de zonas verdes e parques públicos do centro histórico de Ferrol; Elaboración dun mapa virtual dos recursos patrimoniais do centro histórico de Ferrol, con especial atención ao patrimonio militar; Desenvolvemento e implantación de ferramentas dixitais para coñecer o patrimonio do centro histórico de Ferrol e das defensas militares da Costa Ártabra; o Deseño e desenvolvemento dunha páxina web que contará cun mapa virtual de recursos turísticos vinculados ao patrimonio militar da Costa Ártabra, con especial atención ás baterías; máis a Actuacóns de mellora do centro histórico de Ferrol: Recuperación e limpeza do Baluarte de San Xoán

O orzamento máximo das actuacóns suma un total de novecentos noventa e tres mil seiscientos doce con corenta euros (993.612,40€), IVE engadido, contando todas cunha contribución da Unión Europea do 100%.

Dado o interese da Deputación da Coruña e do Concello de Ferrol para a realización de ditas actuacóns, ambas as partes acordan formalizar o presente convenio en base as seguintes cláusulas.

Por todo o exposto, as partes:

ACORDAN

Formalizar o presente convenio conforme as seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol para levar a cabo as actuacóns referidas a Actuacóns de mellora do centro histórico de Ferrol: II Fase de rexeneración e mellora de zonas verdes e parques públicos do centro histórico de Ferrol; Elaboración dun mapa virtual dos recursos patrimoniais do centro histórico de Ferrol, con especial atención ao patrimonio militar; Desenvolvemento e implantación de ferramentas dixitais para coñecer o patrimonio do centro histórico de Ferrol e das defensas militares da Costa Ártabra; o Deseño e desenvolvemento dunha páxina web que contará cun mapa virtual de recursos turísticos vinculados ao patrimonio militar da Costa Ártabra, con especial atención ás baterías; máis a Actuacóns de mellora do centro histórico de Ferrol: Recuperación e limpeza do Baluarte de San Xoán, do PSTD Centro histórico de Ferrol e patrimonio militar da Costa Ártabra. (E1-A4.5/E3- A3.1/E3-A3.2/E3-A3.3/E4-A4.4).

A finalidade da actuación 4.5 é a recuperación da zona verde ubicada na Praza de

Ferrandiz no tradicional barrio de Esteiro.

A finalidade da actuación 3.1 é a posta en valor dos recursos patrimoniais do centro histórico de Ferrol o do patrimonio militar da costa ártabra a través da elaboración dun mapa virtual.

A finalidade da actuación 3.2 é a implantación e desenvolvemento de ferramentas dixitais que poñan en valor e para coñecer o patrimonio do centro histórico de Ferrol e das defensas militares da Costa Ártabra.

A finalidade da actuación 3.3 é creación, deseño e desenvolvemento dunha páxina web que conte cos recursos turísticos vinculados ao patrimonio militar da Costa Ártabra.

A finalidade da actuación 4.4 é a recuperación e limpeza do Baluarte de San Xoán que está situado no casco antigo de Ferrol e é, xunto co Baluarte do Rei o Baluarte de Canido e a porta de Fontelonga, un dos restos más importantes da muralla defensiva de Ferrol do século XVIII.

II.- ORZAMENTO E PRAZO DE EXECUCIÓN

O orzamento máximo de execución da actuación obxecto deste convenio é de novecentos noventa e tres mil seiscentos doce con corenta euros (993.612,40€), IVE incluído.

A inversión levarase a cabo en 5 actuacións, que se desglosan como segue:

Eixe	Actuación	Denominación	Orzamento
1	4.5	Actuacións de mellora do centro histórico de Ferrol: II Fase de rexeneración e mellora de zonas verdes e parques públicos do centro histórico de Ferrol	606.000 €
3	3.1	Elaboración dun mapa virtual dos recursos patrimoniais do centro histórico de Ferrol, con especial atención ao patrimonio militar	30.612,40 €
3	3.2	Desenvolvemento e implantación de ferramentas dixitais para coñecer o patrimonio do centro histórico de Ferrol e das defensas militares da Costa Ártabra	185.000 €
3	3.3	Deseño e desenvolvemento dunha páxina web que contará cun mapa virtual de recursos turísticos vinculados ao patrimonio militar da Costa Ártabra, con especial atención ás baterías	47.0000 €

4	4.4	Actuacións de mellora do centro histórico de Ferrol: Recuperación e limpeza do Baluarte de San Xoán	125.000 €
---	-----	--	-----------


O prazo de execución máximo estimado dos traballos será o estipulado nos Pregos de cada unha das actuacións que en calquera caso non poderá exceder da data fin do Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación de Coruña para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística Centro histórico de Ferrol e patrimonio militar da Costa Ártabra no marco do Plan De Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGeneration EU, ou en data posterior de realizarse a prórroga do dito convenio coa Axencia Turismo de Galicia.

III.- FINANCIAMENTO.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras e servizos con fondos do PSTD Centro histórico de Ferrol e patrimonio militar da Costa Ártabra, financiado dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con cargo a fondos NextGenerationEU, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega provincial máxima de 993.612,40€ con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4329/650, código de proxecto 2024.3.81990.5, o que representa unha porcentaxe do 100%.

Este importe poderá sufrir variacións, en función das necesidades do PSTD, sen poder superar en ningún caso o crédito máximo dispoñible para o mesmo.

O detalle do orzamento asignado para a execución das actuacións repártese como segue:



Eixe	Actuación	Denominación	Aplicación orzamentaria
1	4.5	Actuacións de mellora do centro histórico de Ferrol: II Fase de rexeneración e mellora de zonas verdes e parques públicos do centro histórico de Ferrol	0510/4329/650 Código de proxecto 2024.3.81990.5
3	3.1	Elaboración dun mapa virtual dos recursos patrimoniais do centro histórico de Ferrol, con especial atención ao patrimonio militar	0510/4329/650 Código de proxecto 2024.3.81990.5
3	3.2	Desenvolvemento e implantación de ferramentas dixitais para coñecer o patrimonio do centro histórico de Ferrol e das defensas militares da Costa Ártabra	0510/4329/650 Código de proxecto 2024.3.81990.5
3	3.3	Deseño e desenvolvemento dunha páxina web que contará cun mapa virtual de recursos turísticos vinculados ao patrimonio militar da Costa Ártabra, con especial atención ás baterías	0510/4329/650 Código de proxecto 2024.3.81990.5
4	4.4	Actuacións de mellora do centro histórico de Ferrol: Recuperación e limpeza do Baluarte de San Xoán	0510/4329/650 Código de proxecto 2024.3.81990.5

Engadiranse para as actuacións 4.4 e 4.5, o importe dos custos derivados específicamente da execución da obra, asumidos pola Deputación da Coruña, e que serán calculados sobre o orzamento de execución material imputados á aplicación orzamentaria 0510/4329/650 e ao código de proxecto 2024.3.81990.5

- Contrato de seguridade e saúde
 - Contrato de control e calidade
2. Ausencia de dobre financiamento: A execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia debe respectar os límites establecidos en relación coas axudas de Estado e a prevención do dobre financiamento procedente do Mecanismo e doutros programas da Unión dos mesmos gastos.

Para esta actuación o Concello de Ferrol acredita, coa firma deste Convenio, a ausencia de dobre financiamento.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

A) COMPROMISOS DO CONCELLO DE FERROL

En virtude da sinatura do presente convenio o Concello de Ferrol comprométese a:

En relación coas actuacións 3.1, 3.2 e 3.3:

1. Unha vez finalizada a execución das actuacións pola Deputación da Coruña e coa asistencia do persoal designado pola Concello de Ferrol, procederase a formalizar a acta de entrega ao Concello de Ferrol, asumindo esta a súa xestión, e todos os gastos de mantemento e conservación como o seu titular, así como das ferramentas dixitais resultado da execución das actuacións obxecto deste Convenio.

En relación coa actuación 4.4 “Actuacións de mellora do centro histórico de Ferrol: Recuperación e limpeza do Baluarte de San Xoán”:

2. Aprobar a redacción do proxecto completo de obra e a dirección facultativa e a posterior realización das obras contidas no proxecto de obra. En relación coa actuación 4.5 “Actuacións de mellora do centro histórico de Ferrol: e a II Fase do proxecto de rexeneración e mellora de zonas verdes e parques públicos do centro histórico de Ferrol”:

3. Aprobar a realización das obras contidas no proxecto de obra [O proxecto e a dirección facultativa neste caso son aportados, e polo tanto costeados, integralmente polo Concello de Ferrol].

Para ambas as dúas actuacións (4.4 e 4.5):

4. Solicitar vía rexistro electrónico o inicio dos trámites necesarios para levar a cabo as actuacións.
5. Presentar unha certificación xustificativa da efectiva dispoñibilidade do terreo de actuación, libre de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado, para a execución das obras as que se refiren as actuacións que se describan no proxecto de obra como trámite previo á incoación do expediente de licitación das obras pola Deputación da Coruña.

6. Asumir a realización das xestións pertinentes ante os organismos que corresponda, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, cando estas fosen necesarias, correndo cos custos que se xeren.
7. Facilitar a realización das obras a levar a cabo en ditas actuacións.
8. Será responsabilidade do Concello de Ferrol a posible realización das obras, subministros ou acometidas que sexan necesarias con carácter previo á execución das actuacións obxecto do Convenio.
9. A Dirección da obra, notificará cunha antelación de dez días como mínimo, a data prevista da acta de recepción para que poida asistir un técnico da Deputación Provincial da Coruña se así se considera.
10. Unha vez realizadas as obras pola Deputación da Coruña e coa asistencia do persoal designado polo Concello de Ferrol, procederase a formalizar a acta de entrega á entidade municipal da obra realizada, asumindo esta a súa xestión e todos os gastos de mantemento e conservación como titular destas.
11. Comunicar á Deputación da Coruña calquera circunstancia que poida incidir no desenvolvemento dos proxectos.

Para todas as actuacións

12. O concello de Ferrol facilitará de conformidade coa cláusula Décima.4 do Convenio coa Axencia de Turismo de Galicia de data do 03/07/2024 , as achegas adicionais de documentos ou datos aclaratorios que a Axencia de Turismo de Galicia estime necesarios.
13. O Concello de Ferrol obrígase a someterse ás actuacións control e seguimento da aplicación de fondos destinados ao proxecto subvencionado que se lle requira á comunidade autónoma, mediante a verificación de documentos e á avaliación continua e final por parte da Secretaría de Estado de Turismo, así como ao control financeiro dos mesmos pola Intervención General de la Administración del Estado e o Tribunal de Cuentas e órganos estatais e europeos que teñan encomendado o control e seguimento dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, en particular a Comisión europea, o Tribunal de Cuentas Europeo, a Oficina Europea de Lucha contra el Fraude (OLAF) e a Fiscalía europea, que poderán acceder á información de detalle das actuacións realizadas, asumindo o concello a responsabilidade dun eventual reintegro por parte da Deputación dos fondos recibidos por ésta ao Tesoro Público motivado por incumplimentos totais ou parciais deste concello segundo o disposto na *Resolución de 23 de diciembre de 2021, de la Secretaría de Estado de Turismo, por la que se publica el Acuerdo de la Conferencia Sectorial de Turismo, por el que se fijan los criterios de distribución, así como el reparto resultante para las comunidades autónomas, del crédito destinado a la financiación de actuaciones de inversión por parte de entidades locales en el marco del Componente 14 Inversión 1*

del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

14. Dar publicidade destas actuacións dentro do marco do PSTD.

B) COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

En virtude da sinatura do presente convenio a Deputación da Coruña, sobre as actuacións

3.1, 3.2 e 3.3, comprométese a:

1. A Deputación contratará a prestacións dos servizos establecidos neste convenio vinculadas as actuacións 3.1, 3.2 e 3.3 de acordo co disposto na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.
2. Aboar as facturas emitidas a Deputación da Coruña, coa periodicidade establecida nos pregos, con cargo ao PSTD Centro histórico de Ferrol e Patrimonio militar da Costa Ártabra.

En relación con todas as actuacións:

3. Comunicar ao Concello de Ferrol calquera circunstancia que poida incidir no desenvolvemento do proxecto.
4. Dar publicidade destas actuacións cumprindo o establecido co indicado no punto VIII deste Convenio (Publicidade do Financiamento).

En relación ás actuacións 4.4 e 4.5 comprométese a:

5. A Deputación contratará a redacción do proxecto de obra e a dirección facultativa incluídas no proxecto obxecto de financiamento da actuación 4.4 "Actuacións de mellora do centro histórico de Ferrol: Recuperación e limpeza do Baluarte de San Xoán", de acordo co disposto na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

6. A Deputación contratará a execución das obras incluídas no proxecto obxecto de financiamento da actuación 4.5 "Actuacións de mellora do centro histórico de Ferrol: e a II Fase do proxecto de rexeneración e mellora de zonas verdes e parques públicos do centro histórico de Ferrol", de acordo co disposto na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

[O proxecto e a dirección facultativa neste caso son aportados, e polo tanto costeados, integralmente polo Concello de Ferrol].

7. Contratar a coordinación de seguridade e saúde de ambas as dúas actuacións e aboar os gastos que diso se deriven.
8. Contratar o control de calidade das obras de ambas as dúas actuacións e aboar os gastos que diso se deriven.
9. Aboar as certificacións mensuais que emitan os directores de obra de ambas as dúas actuacións, que serán remitidas á Deputación da Coruña para a seu pago

con cargo ao PSTD Centro histórico de Ferrol e Patrimonio militar da Costa Ártabra.

10. Comunicar ao concello de Ferrol, cunha antelación de dez días como mínimo, a data e hora para o acto de recepción das obras pola Deputación da Coruña, ao cal deberá asistir o representante designado polo concello de Ferrol, xunto coa persoa técnica competente que determine. A persoa técnica municipal elaborará informe de conformidade coa recepción. De presentar algúns elementos desconforme a Deputación deberá proceder a realizar as actuacións que correspondan para obter o carácter favorable da valoración técnica municipal.

A acta de recepción das obras será asinada por un interventor da Deputación da Coruña, ou as persoas nas que deleguen, o director de obra e unha persoa técnica do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios ou do Servizo de Arquitectura e Mantemento.

11. Unha vez recibidas as obras, formalizarase unha acta de entrega da obra rematada ao Concello de Ferrol que terá lugar o mesmo día da dita acta de recepción ou nun prazo non superior a 15 días.

12. As modificacións do contrato só se poderán realizar por razóns de interese público nos supostos previstos nos artigos 204, 205 e 242 da LCSP.

V.- POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS.

O Concello de Ferrol pon a disposición da Deputación da Coruña os inmobilés a fin de que se poidan executar as obras incluídas nos proxectos de:

V.I Actuación 4.4 "Actuacións de mellora do centro histórico de Ferrol: Recuperación e limpeza do Baluarte de San Xoán" o terreo con referencia catastral 0945016NJ6105S0001RI a fin de que se poidan executar as obras de recuperación e mellora do Baluarte.

V.II Actuación 4.5 "Rexeneración e mellora de zonas verdes e parques públicos do centro histórico de Ferrol" na Praza de Ferrández- Cadro de Esteiro, Barrio de Esteiro (ZV-8, zona verde 8), con referencia catastral 2946602NJ6134N0001YK a fin de que se poidan executar as obras de rexeneración e mellora na Praza de Ferrández.

VI.- AUTORIZACIÓN

O Concello de Ferrol deberá de emitir un informe detallando os permisos sectoriais necesarios para proceder a súa solicitude.

Os permisos sectoriais necesarios para a execución das obras solicitaranse unha vez redactado o proxecto de obra.

O Concello de Ferrol, como entidade beneficiaria é a responsable de tramitar as correspondentes licencias e autorizacións sectoriais coa máxima dilixencia así como a

remisión de ditas autorizacións á Deputación da Coruña.

VII.- POSTA A DISPOSICIÓN DOS INMOBLES

O Concello de Ferrol porá a disposición da Deputación, e durante un período de cinco (5) anos durante 15 días cada ano, o espazo da actuación 4.4, o Baluarte de San Xoán, para a posible realización de actividades de tipo cultural.

VIII.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO.

En relación á publicidade do financiamento deberase cumplir co establecido no:

1. Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Capítulo VIII. Artigo 34. Información, comunicación e publicidade.
2. Acordo de Financiamento entre España e a Comisión Europea. Artigo 10. Publicación de información, visibilidade do financiamento da Unión e dereito de uso.
3. Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urgentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Capítulo III Instrumentos de xestión pública. Artigo 23.7
4. Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Artigo 9. Comunicación.
5. Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación de Coruña para a execución do Plan de Sostibilidade Turística Centro histórico de Ferrol e patrimonio militar da Costa Ártabra no marco do Plan De Recuperación, Transformación e Resiliencia, finanziado pola Unión Europea-Next Generation EU.
6. Manual de Comunicación para Xestores e Beneficiarios dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
7. Manual de Comunicación para Xestores e Beneficiarios dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (MINCOTUR).
8. Manual de identidade visual do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
9. Calquera outra normativa que poda resultar de aplicación.

O convenio será obxecto de publicidade de conformidade co disposto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo Goberno, e no artigo 11.3 b) da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Régime xurídico do sector público. Neste senso, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle de ao presente convenio a publicidade esixida.

IX.-VIXENCIA.

Este convenio iniciará a súa vixencia o día da súa firma e rematará na data de formalización da acta de entrega do obxecto das actuacións recollidas neste Convenio, e en todo caso o ultimo día de vixencia do Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación de Coruña para a execución do Plan de Sostibilidade Turística Centro Histórico de Ferrol e patrimonio militar da Costa Ártabra non marco do Plan De Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next Generation EU, ou en data posterior de realizarse a prórroga do dito convenio coa Axencia Turismo de Galicia.

X.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderaslle ao Presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
4. O presente convenio quedará suxeito ao disposto non "Real Decreto 36/2020 polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia" , ou "Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia", "Resolución do 29 de abril de 2021, da Subsecretaría, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que aproba o Plan de Recuperación,

Transformación e Resiliencia", "Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia", "Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos componentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia".

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de presidencia número 18897 de 21 de abril de 2025.

E en proba de conformidade, asinan por duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo. Valentín González Formoso

O ALCALDE PRESIDENTE DO
CONCELLO DE FERROL

Asdo. José Manuel Rey Varela

A OFICIAL MAIOR ACCIDENTAL
DO CONCELLO DE FERROL

Asdo.: Pilar Cela Álvarez